

INVENTARIO ILUSTRADO DE ANIMAIS CON COLA

Dirección de VIRGINIE ALADJIDI

Textos de LUCILE GUITTIENNE e PIERRE-ANTOINE GÉRARD

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartonné. 21,5 x 30 cm. 48 páx. 16 €.

Inventario ilustrado de animais con cola (galego)
ISBN 978-84-15250-76-0. Factoría K de Libros. Ciencias.

Inventario ilustrado de animales con cola (castelán)
ISBN 978-84-15250-75-3. Factoría K de Libros. Ciencias.

Inventari il·lustrat dels animals amb cua (catalán)
ISBN 978-84-15250-77-7. Factoría K de Libros.

Inventário ilustrado dos animais com cauda (portugués)
ISBN 978-989-749-027-9. Factoría K de Livros.

Este inventario permítenos observar os animais desde un punto de vista curioso e científico ao mesmo tempo, así como marabillarnos ante unha natureza sorprendente que nunca deixamos de redescubrir...

O raposo, a toupa, o pato, o tritón... son animais vertebrados que contan cun apéndice corporal que ten máis importancia da que parece. Con formas, cores e funcións distintas en cada especie, esta prolongación da columna vertebral é un órgano moi interesante, tal e como nos descubre este libro.

"Inventario ilustrado de animais con cola" xurdiu a raíz da exposición «Parce Queue», organizada polo Museo de Historia Natural de Neuchâtel e presentada no Museo-Acuario de Nancy, vencellado á Universidade de Lorena.

Reúne máis de 40 referencias da fauna que habita en lugares moi distintos do planeta, algunhas delas presentes na xeografía galega. De cada animal indícase o seu nome común e científico, a súa clasificación zoolóxica e unha descrición que inclúe a utilidade que lle dá á súa cola: manter o equilibrio, contribuír ao movemento, comunicarse cos seus conxéneros, atacar ou defenderse...

Virginie Aladjidi supervisou a obra, con textos de Pierre-Antoine Gérard e Lucile Guittienne, responsables do Museo-Acuario de Nancy. Ao igual que nos demais títulos desta serie, Emmanuelle Tchoukriel realizou as ilustracións, nas que destaca o realismo na representación dos animais e a mestría no uso da acuarela, xogando coas transparencias.

Un álbum científico e instrutivo, asequible a lectores de todas as idades, para afondar no coñecemento da biodiversidade e sensibilizar sobre a necesidade de preservar a natureza.



- **Temática:** catálogo de animais con cola de especies e procedencias diversas.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** ilustracións naturalistas coloreadas con acuarela; inclúe nome común, nome científico e descrición de cada animal; outros títulos da serie: "Inventario ilustrado de animais", "Inventario ilustrado dos mares", "Inventario ilustrado das árbores".

Virginie Aladjidi

Durante varios anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier. <http://virginiealadjidi.blogspot.com>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica. <http://tchouk-tchouk.blogspot.com>

